



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o número de resolución
Non utilizar

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratación e Obras Públicas - LMTG	
Número expediente:	Documento:
CON/52/2018	CON12I1TT
1L2R3H454V5Z440E0HIO	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe de sección de Contratación con data 15 de novembro de 2018 en relación co expediente para contratar a obra denominada “**Climatización plantas 3ª, 4ª, 5ª e 6ª do edificio do Concello**”, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), no que se establece que:

“Á vista dos seguintes antecedentes:

O proxecto de obras foi aprobado por Resolución da Alcaldía en data 18 de outubro de 2018.

O obxecto deste contrato é dotar da instalación de climatización mediante bomba de calor de caudal variable para estancias destinadas a despachos nas plantas 3ª, 4ª, 5ª, e 6ª do Concello de Narón, mediante procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 136.428,07 €.

No expediente consta a memoria xustificativa da necesidade do contrato, incoación do expediente, informe de procedemento, certificado de existencia de crédito e informe sobre o órgano de contratación, prego de cláusulas administrativas e informe do Secretario Xeral sobre o procedemento seguido.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*



— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede, e de conformidade co informe do Secretario Xeral, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Alcaldía, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade a aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos con data 29 de novembro de 2018 (IGA1210KV) esta Alcaldía no exercicio das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ven **RESOLVER:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a obra “**Climatización plantas 3ª, 4ª, 5ª e 6ª do Edificio do Concello**”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 136.428,07 euros, correspondente ao presuposto base de licitación, IVE incluído, ao que ascendería este contrato, con cargo á aplicación orzamentaria 0018.9330.62300 do orzamento do exercicio 2018 (RC=220180007344).

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)